



Rafael Silva Vázquez gaña o Campionato Provincial de A Coruña de Caza Menor con Can

O pasado día 24 de outubro celebrábase no Tecor da Sociedade de Cazadores de Coristanco o Campionato Provincial de A Coruña de Caza Menor con Can, organizado pola Federación Galega de Caza en A Coruña en colaboración coa Sociedade de Cazadores de Coristanco.



A proba, que comezaba as 9.00h da mañá, contaba cun total de 26 participantes que representaban a outras tantas Sociedades de Caza. Foi o cazador Rafael Silva Vázquez quen, ao capturar dúas perdices e un faisán, se alzaba co Campionato Provincial, cun total de 1220 puntos. O segundo clasificado foi Ramón Noya Viña, que capturaba dúas perdices e polo tanto acadaba 1020 puntos. Daniel Castro Domínguez era o terceiro clasificado da competición, ao rematar a proba con 710 puntos (unha perdiz e un faisán).

CLASIFICACIÓN			
Pos	Cazador	CAPTURAS	Puntos
1º	Rafael Silva Vázquez	2 perdices / 1 faisán	1220
2º	Ramón Noya Viña	2 perdices	1020
3º	Daniel Castro Domínguez	1 perdiz / 1 faisán	710
4º	José C. Domínguez Agulleiro	1 perdiz / 1 faisán	710
5º	José Manuel Torres Cebey	1 perdiz	510

Os seguintes cazadores clasifícanse para o Campionato Galego da modalidade: Rafael Silva Vázquez, Ramón Noya Viña, Daniel Castro Domínguez, José Constantino Domínguez Agulleiro, José Manuel Torres Cebey, Pedro Rodríguez Sanjurjo e Antonio Olveira Pego.

Gabinete de Comunicación

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

www.federaciongalegadecaza.com